



TUTORIAL DE BLOGGER


1. Entrar e rexistrarse en Blogger.

En primeiro lugar hai que ir a blogger e despois rexistrarse coa conta de correo do centro ou a persoal de gmail e a contrasinal.

 Google Unha conta. Todo Google. Inicia sesión para acceder a Blogger ceip.manuel.sinde@edu.xunta.es Seguinte Precisas axuda? Crear conta Unha conta de Google para todos os servizos de Google	 Inicia sesión para acceder a Blogger ceip.manuel.sinde@edu.xunta.es Iniciar sesión ☐ Non pechar sesión Esqueciches o contrasinal? Acceder cunha conta diferente
---	--

2. Agregar contido ao blog


Pulsa sobre a icona do lapis "Nova entrada".



The screenshot shows the Blogger dashboard for the user 'bibliotecadosinde'. At the top, there's a header with the Blogger logo and the user's name. Below the header, there's a section for the current blog, 'Blog de bibliotecadosinde', with a language dropdown set to 'galego'. A notification banner states that automatic spam detection is enabled for comments. Below this, there's a 'Novo blog' button and a list of blogs. The first blog listed is 'aprendendoSINDEscanso', which has 33 page views and 2 publications, with the last one on Oct 13, 2015. A red circle highlights the 'Nova entrada' (New post) icon, which is a pencil inside an orange square. Below the blog list, there's a 'Lista de lectura' (Reading list) section with a 'Engadir' (Add) button and a message encouraging the user to add blogs to their reading list.


Nesta pantalla dispoñemos de moitas opcións.

1. O primeiro é asignar un **título**. Elixo un título que resuma o mellor posible a entrada sobre a que vas a escribir.
2. O seguinte é redactar o **texto**. Hai unha barra de ferramentas básica, que che permite dar formato ao texto e outras opcións que veremos máis adiante. É similar a editores de texto como o Word ou o Writer.




3. É importante seleccionar a **etiqueta** axeitada e escribirla exactamente igual que as da columna (ver imaxe), que actuarán como categorías, de tal maneira que logo poderase pinchar nelas e encontralas de forma rápida, ademais de axudar a organizar os contidos:

infantil 3 anos
 infantil 4 anos
 infantil 5 anos
 1º de primaria
 2º de primaria
 3º de primaria
 4º de primaria
 5º de primaria
 6º de primaria




Hai un botón “VISTA PREVIA” que permite ver como quedaría a publicación en calquera momento deixando a posibilidade de continuar modificando a entrada.

Engadir unha imaxe



Podes engadir unha imaxe do teu ordenador ou da Web ao blog. Fai clic na icona da imaxe da barra de ferramentas do editor de entradas.




Preme en “escoller ficheiros”. Na fiestra que aparece, localiza a imaxe no ordenador e preme abrir. Unha vez que a carga, escollemos esa imaxe e dámoslle a “engadir seleccionados”

Despois xa aparece no cadro de texto. Se a seleccionas aparecerá por debaixo un menú no que se pode escoller aspecto da imaxe cando apareza no blog en canto a tamaño -pequeno, grande ou mediano- e a alineación -esquerda, dereita ou centrada-. Tamén se pode eliminar.

Engadir un vídeo

Para engadir un vídeo á entrada do blog, fai clic na icona da claqueta de película da barra de ferramentas do editor de entradas.




Simplemente hai que arrastrar o vídeo desde a carpeta de orixe ata o cadro ou ben facer clic en "Escoller un vídeo para cargar". Se escollemos a segunda opción buscamos o vídeo no ordenador e dámoslle a "Abrir". Blogger acepta arquivos MP4, AVI, MPEG, QuickTime, Real e Windows Media e que deben ter un tamaño inferior a 100 MB.

Mentres sube o vídeo, aparecerá un marcador de posición no editor de entradas indicando onde aparecerá. Ademais, verás unha mensaxe de estado debaixo do editor de entradas que permitirá saber que a subida está en curso. A duración deste proceso varía en función do tamaño do vídeo. Cando remate, o vídeo aparecerá no editor de entradas.


Enlazar un vídeo desde internet (Youtube).

Facemos clic na claqueta da barra de ferramentas (igual antes). Escollemos "desde Youtube" (1), escribimos o título do vídeo que imos engadir e dámoslle á lupa. Aparecen unha serie de vídeos relacionados e escollemos o que queremos (3) e prememos en seleccionar (4). Xa temos o vídeo no editor de texto.



Engadir unha ligazón (hipervínculo)

Pode resultar útil incluír unha ligazón a outra páxina de internet. Para iso escribimos un texto sobre o que se premerá. Despois seleccionámolo e escollemos o botón de “Ligazón” (1). Na pantalla emerxente pegamos o enderezo da páxina desexada (2). Podemos escoller que abra noutra ventá (3).



Unha vez que a publicación está lista, só queda pulsar no botón "Publicar" e a entrada xa estará dispoñible.